

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 20 DE MAIO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello do Carballiño (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello do Carballiño (Ourense).
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Cortegada (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Cortegada (Ourense).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se aproba o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia 2023-2030.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón o cese de Inés Santé Riveira como directora xeral da Axencia de Desenvolvemento Rural.
- Decreto polo que se nomea directora xeral da Axencia de Desenvolvemento Rural a Paz Rodríguez Rivera.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a SAMI Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por importe total dun millón setenta e cinco mil seiscentos doce euros con trinta e cinco céntimos (1.075.612,35 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con relación á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2024, por importe dun millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2024-2028, por un importe total de seis millóns seiscentos corenta e catro mil catrocentos euros (6.644.400,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados, en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación e das súas entidades federadas para o exercicio 2024. Importe: novecentos nove mil oitocentos vinte e seis euros (909.826,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados, en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Atención Temperá, para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2024. Importe: setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados, en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e ás súas familias e para o mantemento da entidade para o exercicio 2024. Importe: cincuenta e cinco mil cento corenta e dous euros (55.142,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados, en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de enfermidades raras e crónicas, para o financiamento dun programa de intervención social destinado a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e/ou crónicas e das súas familias e ao mantemento da federación para o exercicio 2024. Importe: trinta e tres mil trescentos dez euros (33.310,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se lle ordena ao Igape destinar dezaioito millóns de euros (18.000.000,00 €) en axudas ao sector da automoción na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Construción dun edificio para 50 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e 4 locais na parcela Z-38 do sector 10 do Parque Ofimático da Coruña, cun orzamento base de licitación de once millóns trinta e catro mil oitocentos setenta euros (11.034.870,00 €) e un valor estimado de dez millóns trinta e un mil setecentos euros (10.031.700,00 €).
- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado para a mellora da seguridade viaria na intersección do p.q. 31+540 da PO-255 en Covelo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Brexucabtagen Autoleucel, por un valor estimado de doce millóns cento vinte mil douscentos sete euros con oitenta e catro céntimos (12.120.207,84 €), sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza do Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera, centro dependente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por cinco millóns novecentos vinte e tres mil novecentos noventa e dous euros e setenta e dous céntimos (5.923.992,72 €), IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns trescentos vinte e dous mil novecentos sesenta e catro euros e noventa e nove céntimos. (8.322.964,99 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2024, 2025 e 2026 un programa de actuacións sobre o neofalantismo a través do Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación, por un importe total de sesenta mil euros (60.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade Nova de Lisboa (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade do Algarve (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Università degli Studi di Padova (Italia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidad de Granada (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, polo procedemento aberto e tramitación urxente suxeito a regulación harmonizada, do servizo por lotes para a impartición de accións formativas da familia da informática e comunicación dirixidas preferentemente a persoas desempregadas pertencentes a municipios de menos de 30.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, por un importe total de catro millóns seiscentos noventa e tres mil euros (4.693.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a nova emisión de bonos sustentables da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre as estratexias de actuación en treitos de concentración de accidentes e en tramos de alto potencial de mellora para o período 2024-2027.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe do programa formativo Aprender da tradición. Oficios e técnicas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a situación do servizo de xestión das tecnoloxías da información e a comunicación de Portos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA OS CONCELLOS DO CARBALLIÑO E CORTEGADA

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproban os escudos e as bandeiras de ambos os municipios ourensáns
- O Goberno autonómico leva aprobados un total de 283 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se aproban os escudos e bandeiras dos concellos ourensáns do Carballiño e Cortegada, que xa recibirán informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do 11 de abril.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso do Carballiño a bandeira está partida ao centro. Á hasta, leva o pano amarelo co carballo arrincado de verde e os dous osos na súa cor natural empinados ao tronco. Ao batente é de azul con catro ondas de branco.



No caso da bandeira de Cortegada, o pano é vermello coa copa de amarelo e venera branca flanqueadas das dúas serpes verdes. Á hasta, as sete cruces trevoladas de amarelo, ben ordenadas, e as dúas ondas brancas, ao batente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



O Consello da Xunta tamén aprobou os escudos de ambos os municipios. O do Carballiño é de ouro (amarelo) e sobre ondas de azul (azul) e prata (branco), un carballo arrincado de sinople (verde) cos dous osos ao natural empinados ao seu tronco. Ao timbre, a coroa real pechada.



Por outra banda, o escudo de Cortegada é de gules (vermello) e sobre ondas de prata (branco), unha copa de ouro (amarelo) flanqueada de dúas serpes de sinople (verde), surmontada dunha venera de prata e todo surmontado, pola súa vez, de sete cruces trevoladas de ouro, ben ordenadas no xefe. Ao timbre, a coroa real pechada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



O Goberno galego leva aprobados un total de 283 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que se empregasen historicamente, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar un escudo heráldico ou un bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que fosen aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO PLAN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA, QUE PREVÉ MOBILIZAR CASE 75 M€ ATA 2030 PARA FACILITAR A TRANSICIÓN DAS EMPRESAS Á ECONOMÍA CIRCULAR

- Será o instrumento de planificación de referencia para abordar a xestión axeitada deste tipo de refugallos, fomentará reducir a súa xeración e impulsará o seu tratamento conforme a xerarquía de residuos, fixada polas directivas europeas e en coherencia coas estratexias de economía circular e de cambio climático e enerxía
- O plan concretarase a través de medidas de prevención e de xestión dos residuos, que executará o futuro Servizo de Economía Circular Industrial, ofrecerá asesoramento e formación ás industrias para optimizar a xestión dos seus residuos a través da dixitalización e buscará financiamento para proxectos de investigación
- Tamén se convocarán novas axudas económicas para adaptar os procesos produtivos ao uso de envases reciclables, impulsar proxectos de I+D para tratar residuos novos como pas de aeroxeneradores ou baterías eléctricas e desenvolver plataformas de venda de material de segunda mano de talleres e centros de despezamento
- Entre os obxectivos principais do Priga, cómpre subliñar a redución da produción de lixo de orixe industrial nun 15 % ata 2025 para contribuír á contención das emisións contaminantes ou ao fomento do recurso a materias primas recicladas no sector

A Xunta aprobou hoxe definitivamente o novo Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga) co obxectivo de facilitarlle ao tecido empresarial da Comunidade a implantación dun modelo de economía circular que lle axude a cumprir a este sector coas exigencias marcadas polas normativas comunitarias, estatais e autonómicas en materia de prevención da xeración de residuos e da súa correcta xestión.

Para avanzar nesta transición no eido dos residuos de orixe industrial, o Priga prevé mobilizar un investimento estimado en case 75 millóns de euros ata o ano 2030, contía en que se inclúen tanto os fondos que prevé destinar a Xunta —case 21 millóns— como as achegas dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP) —1,4 millóns—, e os investimentos privados que se estima que realizará o propio sector industrial galego para cumprir cos obxectivos legalmente establecidos.

Neste sentido, cómpre indicar que o plan foi concibido para ser o novo instrumento de planificación de referencia para abordar a xestión correcta dos refugallos industriais, que abranguen todos os residuos resultantes dos procesos de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados polas industrias como consecuencia da súa actividade principal.

Para tal fin, a folla de ruta proposta busca, con carácter xeral, fomentar a prevención na xeración destes residuos e impulsar o seu tratamento conforme a xerarquía e os novos obxectivos de produción, reciclaxe e redución de verteduras, fixados polas directivas europeas de 2018 e recollidos despois na normativa sectorial autonómica e estatal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 40 medidas

En concreto, o Priga 2030 estrutúrase arredor de dous grandes programas de actuación, un de prevención e outro de xestión, co establecemento de máis de 40 medidas, algunhas delas de carácter transversal e outras específicas de cada eido.

Entre as medidas máis destacables incluídas no documento, cómpre subliñar o futuro Servizo de economía circular industrial, que se porá en marcha nos vindeiros meses e do que xa fora informado o Consello da Xunta a comezos de maio. Este novo servizo especializado será unha peza clave para a aplicación do novo Priga, xa que será o seu persoal o encargado de executar gran parte das actuacións previstas.

Así, entre as súas funcións principais destaca a de ofrecer apoio profesional gratuíto, asesoramento e formación, tanto ao sector industrial como aos xestores deste tipo de residuos, para promover accións de economía circular, con especial énfase no impulso do ecodeseño nos procesos industriais, na dixitalización do sector para facilitar e mellorar o control dos residuos que producen e a súa rastrexabilidade ata o xestor final, e na innovación e investigación tecnolóxica. Así mesmo, os profesionais encargados deste servizo buscarán posibles vías de financiamento para a execución destes proxectos, tanto a través de fondos europeos como da colaboración público-privada.

Neste sentido, a Xunta apoiará tamén o tecido industrial coa convocatoria por 2,9 millóns de euros de 5 liñas de subvención. As máis salientables serán as axudas para adaptar os procesos produtivos ao uso de envases reciclables ou as dirixidas a talleres mecánicos e centros de despezamento para habilitar plataformas de venda de material de segunda mano. Ademais e tras detectar a necesidade de instalacións con capacidade para tratar residuos nestes momentos emerxentes, pero cun alto potencial de crecemento –como pas de aeroxeneradores, paneis fotovoltaicos ou baterías eléctricas–, convocaranse axudas para apoiar proxectos de I+D para o tratamento deste tipo de residuos.

Por último, haberá tamén subvencións a empresas que se dediquen á preparación para a reutilización de equipamentos e aparellos eléctricos e electrónicos, co fin de alongar a súa vida útil, e axudas para fomentar o uso de produtos reciclados como materias primas.

Obxectivos cuantitativos e cualitativos

A través destas medidas buscarase acadar unha serie de obxectivos cuantitativos e cualitativos con diferentes horizontes temporais e sempre tomando como referencia os obxectivos a nivel europeo en materia de xeración, reciclaxe e xerarquía de residuos.

No primeiro caso, o máis importante recollido no Priga 2030 é a redución nun 15 % a produción total de refugallos industriais con respecto á de 2010, unha medida clave para contribuír á contención das emisións e que debería cumprirse o ano que vén.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos obxectivos cualitativos, cómpre destacar o fomento da preparación para a reutilización e da reciclaxe de alta calidade dos residuos, co fin de primar a obtención de novos produtos e materiais capaces de substituír materias primas virxes nos procesos industriais, así como o impulso da colaboración público-privada, de xeito que sirva de guía para futuros proxectos e iniciativas innovadores con aplicación práctica neste eido.

A consecución destes obxectivos, en todo caso, dependerá do propio tecido empresarial, xa que a xestión dos residuos industriais —a diferenza do que ocorre cos urbanos, que son de competencia municipal— é responsabilidade directa do propio produtor, que ten o deber de asegurar e acreditar o tratamento adecuado dos refugallos que xera.

Por esta razón, o Plan de residuos industriais ten un carácter programático e de planificación en que a Xunta fixo unha diagnose da situación actual e unha previsión co horizonte do ano 2030 para, a partir de aí, poder realizar as actividades de seguimento e apoio necesarias, co fin de facilitar a consecución dos obxectivos marcados, fomentando a coordinación entre a Administración pública e o sector empresarial galego.

Política de xestión dos residuos

Esta nova folia de ruta substituirá o anterior Priga, que nos seus seis anos de vixencia logrou avances importantes no eido dos residuos industriais en Galicia. Así, o 93 % de todos os refugallos deste tipo xerados na Comunidade no ano 2021 xa tiñan a consideración de non perigosos, porcentaxe que foi en aumento na última década, e o 85 % destinouse á valorización para a súa reciclaxe e transformación noutros produtos.

A necesidade dun novo marco de actuación co horizonte 2030 xorde como resposta ante as novidades normativas que se produciron a nivel comunitario, estatal e autonómico, aos cambios socioeconómicos que derivan nun aumento deste tipo de refugallos e ao fin da vixencia do anterior Plan de residuos industriais de Galicia.

Deste xeito, o documento sentará as directrices estratéxicas que cumprirá seguir en liña coas metas fixadas a nivel europeo neste eido, a través do paquete de medidas sobre economía circular aprobado en 2015: avanzar no desligamento do crecemento económico da xestión que se faga dos residuos; alongar o máximo posible a vida útil dos materiais e contribuir á loita contra o cambio climático ao reducir as achegas do sector industrial ás emisións GEL a través da correcta xestión dos seus residuos.

Ademais, tamén é acorde e coherente coa Estratexia galega de economía circular 2020-2030 e coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, dous dos fitos máis importantes para a Comunidade nesta materia e cuxos principios inspiradores se recolleron posteriormente na Lei de residuos e solos contaminados de Galicia de 2021.

Así, a través das medidas do Priga e do novo Plan de xestión de residuos urbanos —que se aprobará proximamente—, seguirase avanzando nas liñas principais de traballo da Xunta neste eido: a prevención na xeración, a promoción da reutilización, a reciclaxe e a redución de verteduras; e o deseño dunha sociedade eficiente no uso dos recursos, que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

avance cara a unha economía circular en que se incorporen ao ciclo produtivo unha e outra vez os materiais dos residuos para producir novos produtos ou materias primas.

Por último, e tratándose dun sector en auxe que ofrece novas oportunidades desde o punto de vista da actividade empresarial e do emprego verde, prevese que a aprobación de ambos os plans de residuos teña un impacto positivo sobre a economía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARÍA PAZ RODRÍGUEZ RIVERA COMO DIRECTORA XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL E DA AGADER DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de María Paz Rodríguez Rivera como nova directora xeral de Desenvolvemento Rural e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) da Consellería do Medio Rural. Substitúe no cargo a Inés Santé, que cesa a petición propia.

Nada en Monforte de Lemos en 1970, é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e conta con estudos complementarios en materia de mobilidade de terras e desenvolvemento no ámbito rural, así como noutros ámbitos da economía ou o emprego.

Rodríguez Rivera foi axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Friol nos últimos tres anos. Anteriormente ocupou o cargo de xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo para ocuparse da xestión do Plan LEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020.

Ademais, conta con experiencia previa vinculada á Consellería do Medio Rural, onde prestou asistencia técnica entre os anos 2016 e 2017 para a revisión e redacción da Lei 4/2015, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia e da Lei 6/2011, de Mobilidade de Terras de Galicia. Durante un breve período de tempo tamén traballou en Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A. e, de forma previa, a súa actividade profesional estivo vinculada ao dereito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 1 M€ PARA A ORDENACIÓN E CONTROL DE FLUXOS DE VISITANTES Á CATEDRAL DE SANTIAGO E Á OFICINA DO PEREGRINO

- O Consello autoriza a renovación do convenio anual coa Fundación Catedral de Santiago e a SAMI Catedral de Santiago
- Sufráganse os gastos de contratación de persoal de seguridade e de servizos auxiliares nos accesos e no interior de ambos os edificios durante este ano 2024

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio anual coa Fundación Catedral de Santiago e a SAMI Catedral de Santiago por máis de 1 M€ para sufragar os gastos de persoal (vixilantes e servizos auxiliares) que realizará o conxunto catedralicio este ano para controlar e ordenar os accesos e fluxos de visitantes á Catedral de Santiago e á Oficina do Peregrino.

Ao abeiro deste convenio, a actuación de reforzo do persoal de seguridade na Catedral será executada pola Fundación Catedral de Santiago e o reforzo do persoal de seguridade na Oficina de Atención ao Peregrino será executado pola SAMI Catedral de Santiago, en ambos os casos mediante empresas de seguridade privada.

O Goberno autonómico dá así resposta á positiva evolución da chegada de visitantes e peregrinos a Galicia. De feito, acaba de acadarse a cifra do peregrino 100.000 moito antes do que se acadou en anos anteriores e no primeiro trimestre o ritmo de crecemento da demanda turística está a ser do 15 %.

Con esta axuda económica sufrágase o reforzo no servizo continuo tanto de vixilancia de seguridade como en servizos auxiliares no control de accesos, no interior do templo para o culto, na apertura de portas, na entrega e recepción de chaves, na atención aos sistemas de seguridade, entre outros, na Catedral e na Oficina de Atención ao Peregrino. Tamén para o control do Pórtico da Gloria e do circuíto de visita á cripta e ao abrazo ao Apóstolo.

O Goberno autonómico continúa así a senda de colaboración institucional levada a cabo nos últimos anos para a mellora da atención aos peregrinos en Santiago de Compostela. Alíñase cos compromisos plasmados en distintas das liñas de acción do Plan director dos Camiños de Santiago 2027, que inciden en mellorar os servizos de atención ao peregrino.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 1,3 M€ NA TERCEIRA EDICIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES CO OBXECTIVO DE FOMENTAR A CONCILIACIÓN A TRAVÉS DO DEPORTE

- O plan promove a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportiva para nenos e nenas e mozos e mozas de ata 16 anos de idade organizadas polas federacións deportivas beneficiarias
- O período das actuacións abarca desde o 15 de xullo ata o 15 de novembro
- Ademais de fomentar a corresponsabilidade, o programa promove o deporte base e a práctica de actividade física desde idades temperás e axuda á creación de emprego coa habilitación de servizos de coidado profesional das persoas participantes, cuxos custos laborais financiaría a Xunta

O Consello da Xunta autorizou a Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actuacións de conciliación e corresponsabilidade no deporte.

A convocatoria da terceira edición do programa contará cun orzamento de 1,3 millóns de euros e incluírá o pagamento do 100 % da subvención para garantir a prestación das actividades por parte das federacións deportivas. Así, prevese un primeiro pagamento anticipado do 80 % e un segundo pagamento da contía restante da axuda se así o solicita a entidade beneficiaria e unha vez xustificado o primeiro.

O plan promove, por terceiro ano consecutivo, a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores a cargo, e fomenta a corresponsabilidade, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación sociodeportiva para nenos e nenas e mozos e mozas de ata 16 anos de idade. Deste xeito, mellorarase a vida cotiá das familias e a súa conciliación laboral, familiar e persoal, sobre todo coincidindo coas vacacións de verán nos centros educativos. De feito, o período de desenvolvemento das actuacións subvencionables comprenderá do 15 de xullo ao 15 de novembro deste ano.

Ademais de promover a igualdade, a conciliación e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, o Plan Corresponsables fomenta o deporte base ao achegar distintas modalidades e favorecer a convivencia e o xogo en equipo desde as idades máis temperás e a adquisición de hábitos de vida saudable grazas aos beneficios do deporte para a saúde física e mental. Tamén axuda á creación de emprego de calidade no sector dos coidados para garantir a calidade dos servizos mediante as bolsas de coidado profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A contía máxima por entidade beneficiaria é de 75.000 euros e poderán optar ás axudas as federacións deportivas galegas inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. A través destas axudas, a Xunta financia os gastos derivados da habilitación de servizos de coidado profesional de nenos, nenas e mocidade ata os 16 anos inclusive, isto é, custos salariais e de cotización á Seguridade Social e gastos relacionados co desenvolvemento de actividades de animación sociodeportiva realizadas polas entidades beneficiarias no marco dos seus programas deportivos.

En 2022 participaron un total de 18 federacións deportivas de Galicia –baloncesto, balonmán, birlos, boxeo, esgrima, fútbol, halterofilia, hóckey, loita, montañismo, piragüismo, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, triatlón e péntatlon moderno e vela– e leváronse a cabo, entre xuño e novembro, un total de 2.529 actividades das distintas modalidades deportivas en 175 concellos. Participaron 17.760 nenos e nenas e o desenvolvemento do plan posibilitou a contratación de 364 persoas. Isto supuxo unha superación sen precedentes das expectativas iniciais, o que comportou un aumento do 120 % en participantes e do 400 % en actividades.

O ano pasado outorgáronse outras 17 subvencións ás federacións de balonmán, tenis, boxeo, piragüismo, salvamento e socorrismo, fútbol, taekwondo, montañismo, surf, loita, hóckey, péntatlon moderno e triatlón, vela, esgrima, squash, birlos e atletismo, e o balance tamén foi positivo con máis de 12.300 participantes en máis de 2.800 grupos de actividades en case un cento de municipios, o que contribuíu á contratación de 147 persoas.

Ademais, tras o éxito recollido, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou o ano pasado un novo convenio coas tres universidades galegas –Universidade da Coruña (UdC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo)– para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, cun orzamento duns 585.000 euros, dos cales foron achegados pola Xunta 547.800.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A MÁIS DE 14 M€ O INVESTIMENTO NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL TRAS UNHA NOVA INXECCIÓN DE 6,6 M€ PARA ACCIÓNS ESTRATÉXICAS ATA 2028

- O Consello da Xunta autorizou o convenio de financiamento coa Universidade da Coruña logo de que o Campus ferrolán renovase a súa acreditación de excelencia
- Ao abeiro deste acordo, o Campus deberá afondar en actuacións concretas no eido da investigación, a internacionalización e a transferencia do coñecemento
- Trátase de que afiance unha identidade propia ligada ás potencialidades económicas da contorna, como son os sectores naval, oceánico e industrial

A Xunta de Galicia inxecta un total de 6.644.000 euros no Campus Industrial de Ferrol ata 2028, o que posibilitará afianzar e incrementar accións estratéxicas de investigación, internacionalización, transferencia de coñecemento, docencia, oferta formativa e gobernanza, entre outras.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UdC) para o desenvolvemento de iniciativas que permitan seguir dotando o Campus Industrial dunha identidade propia, ligada ás potencialidades económicas da súa contorna e darlle maior visibilidade no contexto nacional e internacional.

Este novo investimento público de máis de 6,6 M€ para os vindeiros catro anos súmase aos 7,7 M€ que xa leva destinados a Xunta neste campus desde que arrancou como proxecto no ano 2015, polo que a contía global de orzamento do Goberno autonómico supera xa os 14 M€.

A nova inxección orzamentaria formalízase logo de que Campus Industrial de Ferrol acabe de acadar a renovación do selo de excelencia como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia para os próximos anos, un recoñecemento de calidade impulsado pola Xunta de Galicia que ten como obxectivo fortalecer as estruturas de campus non centrais co fin de aproveitar as súas potencialidades e facelos máis competitivos e especializados.

Así pois, para seguir desenvolvendo accións vinculadas aos obxectivos fixados nesta renovación, o Campus deberá enfocarse en continuar na senda da especialización que lle permita acadar unha mellora substantiva nos diferentes ámbitos de actuación que resultan esenciais para nutrir as empresas da contorna, liderar liñas de enxeñaría aditiva e fabricación 4.0 a nivel nacional e aumentar a súa dimensión internacional.

Captación de talento e produción científica

Nesta nova etapa e grazas ao apoio da Xunta de Galicia, ao abeiro deste convenio o Campus Industrial deberá pór en marcha liñas de actuación concretas no eido da investigación enfocadas á captación e retención de talento, á produción científico-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

técnica, accións de apoio á axenda científica, mellora do equipamento especializado en industria intelixente e un programa de doutoramento industrial.

No eido da transferencia, as novas accións céntranse nunha unidade de relación industrial e na xestión e comercialización de patentes, mentres que no apartado de internacionalización figura a creación dunha unidade de relación internacional ou un programa de mobilidade internacional do persoal docente investigador.

Así mesmo, no eido da docencia e oferta formativa, implementarase un plan de formación continua en industria intelixente, un estudo da demanda de necesidades formativas e da empregabilidade e un programa de seminarios especializados, entre outros. Finalmente, o acordo tamén inclúe accións no eido da gobernanza (vinculadas á mellora da xestión) e de comunicación e difusión da produción do campus.

O primeiro con este selo de calidade

O Campus Industrial de Ferrol foi o primeiro de España e de Galicia en obter este selo de calidade e tamén é o primeiro en acadar a súa renovación.

Isto garante un financiamento estable por parte da Xunta de Galicia para este campus, que arrancou como proxecto en 2015 e que en marzo de 2021 obtivo a acreditación de especialización cun enfoque estratéxico ligado ao sector naval, oceánico e industrial, de que derivan as demais áreas de especialización do campus.

Isto permitiulle, entre outros efectos, potenciar as súas estruturas de investigación e estreitar as relacións coas empresas da contorna, o que repercutirá no desenvolvemento da cidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,7 MILLÓNS DE EUROS A CATRO CONVENIOS CON ENTIDADES DO ÁMBITO DA DISCAPACIDADE

As organizacións beneficiadas destes convenios son: a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) e a Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym)

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e outras tantas federacións e entidades do ámbito da discapacidade por un importe total de 1,7 millóns de euros.

As organizacións beneficiarias destes acordos son: a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Fapgx) a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat), a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) e a Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym).

Todas elas contarán cun anticipo do 80 % do importe da subvención para que xa desde o primeiro momento conten coa liquidez suficiente para seguir prestando o seu labor. A través destes convenios, o Goberno galego financiará programas e servizos que prestan estas entidades e dos cales se beneficiarán ao longo deste ano 2024 preto de 5.000 persoas.

Alianza co terceiro sector

A Xunta aposta por seguir reforzando a colaboración e coordinación coas entidades do terceiro sector. Neste compromiso enmárcase o impulso do concerto social, un acordo histórico para blindar máis de 5.000 prazas públicas de atención residencial e diúrna e ao cal se destinan máis de 100 millóns de euros ao ano.

Así mesmo, o Goberno galego incrementou as ordes de axuda específicas neste ámbito para que as entidades adquiren novos vehículos, para que creen ou amplíen os seus centros ou para que desenvolvan novos programas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APOIA CON 18 M€ AO SECTOR DA AUTOMOCIÓN GALEGA PARA FACILITAR A SÚA TRANSICIÓN A UNHA MOBILIDADE SUSTENTABLE

- Resalta que o obxectivo é apoiar “ás empresas auxiliares a ser máis competitivas” ante o “gran desafío” que supón a expansión do vehículo eléctrico
- A conselleira de Economía e Industria salienta que Galicia é “a primeira comunidade” en lanzar unha liña de axudas para este sector que xera 25.000 empregos en Galicia
- Os apoios cobren, por unha parte, ata o 70% dos gastos subvencionables -ata un máximo de 300.000 €- de adquisición de nova maquinaria ou reforma das instalacións
- E tamén se darán achegas de ata 700.000 € para os custos das actuacións das empresas cara ao desenvolvemento de proxectos de eficiencia enerxética e renovables
- Refórzase así a aposta por un sector estratéxico da economía de Galicia, que suma máis de 200 empresas e que conforma unha das cadeas de valor máis completas de Europa

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe lanzar unha nova liña de achegas, dotada de 18 millóns de euros, para axudar “ás empresas auxiliares do sector da automoción a ser máis competitivas” e adaptarse ao proceso de transición que vive esta industria cara unha mobilidade máis sustentable, marcada pola extensión do vehículo eléctrico.

Rueda, que lembrou a importancia dun sector -o das empresas auxiliares ou de compoñentes do automóvil- que xera “25.000 empregos” na comunidade, fixo fincapé en que se trata dunha industria “que ten por diante un gran reto” para adaptarse á normativa europea que establece 2035 como data límite para que haxa vehículos contaminantes no mercado.

Pola súa banda, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, indicou que Galicia “é a primeira comunidade” en poñer en marcha xa este ano unha liña de axudas para as empresas auxiliares da automoción. E ademais resaltou que estas achegas están incluídas no plan director do sector -deseñado co Clúster da automoción- e que forma parte “dos compromisos dos 100 días” adquiridos polo Goberno autonómico.

Deste xeito, este novo programa de axudas contribúe a facer fronte aos gastos das empresas este mesmo ano, cunha primeira liña de apoios destinada a atender tanto o gasto en equipamentos como o que respecta á elaboración de proxectos de futuro. Os apoios, en concorrencia non competitiva, cobren ata o 70% destes gastos subvencionables, executados dende o 1 de xaneiro ata a data de presentación da solicitude, cun máximo de 300.000 euros. Entre as iniciativas que poderán recibir achegas están “a compra de maquinaria, as reformas das naves de produción ou os gastos de consultoría” para avanzar neste proceso de transición, segundo indicou a conselleira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o programa inclúe unha segunda liña de apoios de entre o 35% e o 55% dos custos das actuacións das empresas cara ao desenvolvemento de proxectos de eficiencia enerxética e renovables ata un máximo de 700.000 €. Neste caso para actuacións coma a implantación de enerxías térmicas ou eléctricas (paneis fotovoltaicos ou minieólicos) ou realizar melloras de eficiencia enerxética nas instalacións.

O sector da automoción está a afrontar unha das transformacións máis grandes da súa historia, na que a transición xusta ou a electrificación son puntos centrais do cambio de paradigma. Un escenario no que a Unión Europea fixou no 2035 a data para que os novos turismos e furgonetas no mercado sexan de cero emisións.

Sobre esta base, as empresas automobilísticas galegas están a dar os pasos necesarios cara unha mobilidade con máis infraestruturas; na que se impulsen os vehículos non contaminantes; máis intelixente; máis eficiente e segura; e máis competitiva. Un contexto no que este novo programa de axudas busca facilitar esta transición, actuando como un primeiro escudo de apoio.

Deste xeito, a Xunta reforza a súa aposta por un sector declarado estratéxico para a economía de Galicia, que suma máis de 200 empresas e preto de 25.000 empregos, e que conforma unha das cadeas de valor máis completas de Europa. De feito, o Goberno galego xunto coas asociacións e organizacións máis representativas do sector está a traballar no seu plan director, un instrumento consensuado para dar resposta real ás necesidades da automoción galega.

Unha ferramenta, a dos plan directores que, xunto co Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, forman parte da planificación da política industrial da Xunta enmarcados nunha estratexia que ten como obxectivo facilitar o proceso de adaptación e transformación enerxética e dixital da industria galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 50 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO CORUÑÉS DE XUXÁN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 11 M€

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato as obras e os traballos co obxectivo de inicialos ese mesmo ano
- Construirase un edificio de nova planta para destinalo a vivendas, con 106 prazas de garaxe e 50 rochos, así como 4 locais de reserva para uso comercial
- O inmovible organízase nun só bloque, en forma de U, con 5 portais conectados a nivel de planta baixa e soto, e disporá de 5 plantas altas, cun total de 50 vivendas: 7 de 4 dormitorios; 36 de 3 dormitorios, 2 das cales son adaptadas; e 7 de dous dormitorios
- O Executivo segue a traballar para pór á disposición dos coruñeses neste barrio máis de 1.500 vivendas protexidas, e suma as executadas pola Xunta e as construídas por promotores e cooperativas sobre solo adxudicado polo Goberno galego.
- O Goberno galego mantén o compromiso coa mellora da situación do mercado da vivenda e a Estratexia de vivenda pública e protexida, que nesta lexislatura duplicará o parque publico ata as 8.000 vivendas e desenvolverá solo para 20.000 vivendas

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á contratación das obras para dotar de 50 novas vivendas de promoción pública (VPP) o barrio coruñés de Xuxán, nas cales a Administración autonómica investirá máis de 11 millóns de euros.

A licitación das obras autorizada hoxe polo Goberno galego permitirá a construción dun edificio de nova planta para destinalo a 50 vivendas de promoción pública, cos seus garaxes e rochos correspondentes (106 prazas de garaxe e 50 rochos) e 4 locais de reserva para uso comercial.

A nova promoción pública localízase na parcela Z-38 do sector 10, en Xuxán, cunha superficie de 1.600 m², forma rectangular (80 x 20 m) e orientación norte-sur nas súas fachadas lonxitudinais. A edificación proxectada, en forma de U e cunha parte da parcela libre ao sur, acadará unha superficie construída total de máis de 11.505 m².

O inmovible organízase nun só bloque, con 5 portais conectados a nivel de planta baixa e soto, e ten 5 plantas altas, planta baixa e 3 tres plantas de soto.

Nas tres plantas de soto están os garaxes, as instalacións, cuartos de reserva para usos varios (instalacións, almacén, residuos) e os rochos. Conta con cinco núcleos de comunicación vertical que conectan mediante ascensores e escaleiras todas as plantas do edificio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na planta baixa sitúanse os portais de acceso, os locais comerciais, o local comunitario, as salas de instalacións e parte da reserva de espazo para os residuos.

Nas 5 plantas superiores distribuiranse as vivendas proxectadas, 10 por planta e organizadas ao redor dos cinco núcleos de comunicación vertical. Resulta así un total de 50 vivendas: 7 de 4 dormitorios; 36 de 3 dormitorios, 2 das cales son adaptadas; e finalmente 7 de dous dormitorios.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras de xeito inmediato. O obxectivo é comezar os traballos este ano, para telas rematadas no ano 2026.

Compromiso coa vivenda

A esta nova promoción pública neste ámbito de Xuxán engádense as 40 vivendas rematadas e entregadas a finais do ano pasado e as obras de construción doutras 40 vivendas, xa adxudicadas. En total serán 144 vivendas de promoción pública construídas polo Goberno autonómico.

Cómpre lembrar, ademais, que dúas cooperativas acometerán 256 vivendas protexidas para alugamento nas cinco parcelas adxudicadas en dereito de superficie, polo que, pasado o período de concesión, as vivendas pasarán a ser propiedade da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a Xunta segue a acelerar os trámites para construír 560 vivendas protexidas na Coruña, para o cal xa lle remitiu ao Concello o documento de modificación do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

O Executivo autonómico continúa a traballar para pór á disposición dos coruñeses neste barrio máis de 1.500 vivendas protexidas, sumando as executadas pola Xunta e as construídas por promotores e cooperativas sobre solo adxudicado polo Goberno galego.

Ao mesmo tempo, o Goberno galego mantén o seu compromiso na mellora da situación do mercado da vivenda e na Estratexia de vivenda pública e protexida, que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque publico ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA INTERSECCIÓN DA ESTRADA AUTONÓMICA PO-255 EN COVELO

- Autorízanse as expropiación para executar as obras necesarias para actuar no cruce en T entre esta vía autonómica e a estrada provincial EP-5104
- Esta actuación conta cun investimento de preto de 220.000 euros e permitirá darlles máis visibilidade aos vehículos nos xiros á esquerda
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo semestre deste ano, co obxectivo de licitar e executar as obras en 2025
- O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sostible

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado para a mellora da seguridade viaria na intersección do punto quilométrico 31+540 da estrada autonómica PO-255, no concello de Covelo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación na intersección en T entre esta vía autonómica e a estrada provincial EP-5104 acadará os preto de 220.000 euros.

A aprobación definitiva deste proxecto leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 9 terreos necesarios para executar esta intervención.

A intervención autorizada hoxe por parte do Goberno galego ten como obxectivo dar maior visibilidade aos vehículos nos xiros á esquerda, o que reforzará a seguridade viaria.

Máis en detalle, entre as actuacións deseñadas polo departamento de Infraestruturas da Xunta para a mellora da intersección entre a vía autonómica e a provincial está a ampliación da plataforma da PO-255 nesta contorna.

No punto quilométrico 0+050 da PO-255 prevese habilitar unha *bágoa* que permita o cambio de sentido aos vehículos que veñen de ambas as estradas en sentido decrecente.

Na intervención proxectada inclúese, ademais, a execución dun carril de espera entre os puntos quilométricos 0+080 e 0+095, que dá acceso a un ramal directo de nova execución cara á EP-5104. No espazo morto executarase un illote.

O único movemento non recollido no proxecto de trazado, tampouco permitido na actualidade, é o cambio de sentido na PO-255, en sentido de avance.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta intervención tamén se inclúe o reforzo do firme dun treito da PO-255.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas realizará a convocatoria dos actos expropiatorios no segundo semestre de 2024, para licitar e executar as obras no ano vindeiro. A actuación ten un prazo de execución de 4 meses.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sostible.

Plano de situación da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 12 M€ A SUBMINISTRACIÓN DUN INNOVADOR MEDICAMENTO CAR-T PARA PACIENTES CON LINFOMA

- O Tecarcus está dirixido a pacientes adultos con linfoma de células do manto que non responden a ningunha terapia ou en casos de recaída despois de fracasaren polo menos dúas liñas de tratamento sistémico
- Rueda resalta a aposta "decidida" da Xunta por situar Galicia "á vangarda na loita contra o cancro" e avanzar "cara unha medicina máis personalizada"
- Asegura que a previsión é tratar "10 pacientes ao ano" no Sergas con Tecartus
- Ao pechar 2023 o Servizo Galego de Saúde tiña investidos 9,5 M€ en tratamentos con CAR-T que beneficiaron a 60 pacientes
- A Xunta acaba de pór en marcha o Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia para deseñar fármacos personalizados grazas á investigación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello autorizou hoxe destinar máis de 12 millóns de euros "a subministración dun medicamento CAR-T para pacientes con linfomas". Unha compra que se enmarca na "aposta decidida" do Goberno autonómico por "ir á vangarda na loita contra o cancro" e avanzar "cara unha medicina máis personalizada", indicou.

Rueda resaltou que o Servizo Galego de Saúd xa investiu 9.591.473 euros ata decembro de 2023 en fármacos CAR-T para tratar 60 pacientes. Este tipo de medicamentos convertéronse nos últimos anos na principal terapia inmunocelular contra o cancro e forman parte da familia dos medicamentos de terapia avanzada. Así, a diferenza dos medicamentos tradicionais, estes obtéñense a partir de compoñentes vivos manipulados, neste caso, células. Para a fabricación de CAR-T utilízanse linfocitos T, que se extraen do paciente a través dunha técnica de leucoférese para seren modificados xeneticamente no laboratorio e, unha vez administrados de novo ao paciente, terán maior capacidade para recoñecer e destruír as células cancerosas.

Desta forma, tal e como explicou o presidente, co expediente de contratación autorizado hoxe prevese a dispoñibilidade do medicamento Tecartus, indicado para o tratamento de pacientes adultos con linfoma de células do manto "que non responden a ningún tratamento" ou ben "sofren unha recaída tras probar dúas terapias convencionais".

Ata o de agora xa foron tratados no Sergas 3 pacientes con Tecartus na indicación de linfoma de células de manto. Rueda explicou que a estimación "é tratar cada ano a 10 pacientes con este tratamento".

O titular do Goberno galego destacou que "só o País Vasco" aposta "como a sanidade galega" por tratar con estes innovadores fármacos aos pacientes con linfomas. Nesta liña lembrou que Galicia se está "a consolidar coma un referente na Oncoloxía" a través

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“de cribados, de tratamentos de última xeración ou investigando desde aquí novas terapias”.

Investigación galega en novos fármacos

Os fármacos CAR-T forman parte das terapias avanzadas, que nalgúns casos acadan taxas de resposta do 80 %. Grazas á apertura do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia, o Sergas conta cun centro orientado á práctica clínica e científica que preve tanto produción de medicamentos para actividade asistencial como investigadora.

Neste momento están en marcha cinco proxectos colaborativos con centros autonómicos e nacionais para que grupos de investigación dos hospitais e das universidades deseñen os fármacos fabricados polas propias institucións sanitarias. Dentro do programa de I+D do centro galego, un dos doutorandos que forma parte do cadro do persoal está a traballar baixo a dirección conxunta da doutora África González (UVigo) nun novo CAR-T fronte tumores sólidos gástricos e pancreáticos. Mentres tanto, outro dos doutorandos está a explorar a modificación xenética dos linfocitos T a través de nanopartículas en lugar de lentivirus, baixo a codirección da doutora María José Alonso (USC).

Desta forma, a Xunta aposta pola futura produción de CAR-T académicos feitos en Galicia para, xunto cos fármacos comerciais, seguir aumentando as posibilidades terapéuticas de pacientes con determinados tipos de cancros do sangue.

O Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia está situado no Campus Universitario de Santiago de Compostela. Nos seus preto de 1.000 m² dispón de salas brancas e áreas de criopreservación, laboratorios de control de calidade, ademais de almacéns, despachos e áreas técnicas destinadas a usos auxiliares e administrativos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS DESTINA PRETO DE 6 M€ Á RENOVACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA DO HOSPITAL MATERNO-INFANTIL TERESA HERRERA DA CORUÑA

- O incremento nun 23,6 % do importe do contrato permite cumprir os compromisos de melloras laborais adquiridos
- Aplicaranse os incrementos de retribucións pactados e aumentará o cadro de persoal para facer efectiva a redución de xornada acordada

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, do servizo de limpeza do Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera da Coruña por un orzamento base de licitación de 5.923.992 euros durante dous anos, co que se materializarán diversas melloras para o persoal encargado do servizo.

Así, entre outras medidas, no contrato prevense os incrementos retributivos comprometidos pola Consellería de Sanidade para a categoría correspondente ao persoal de limpeza e recóllese o aumento do número de empregados necesarios para facer efectiva a redución de xornada comprometida pola Consellería de Sanidade o pasado ano.

O orzamento do contrato é un 23,6 % superior á licitación anterior. Prevese, ademais, a posibilidade de prórroga por un período de ata 12 meses.

Con esta contratación o Servizo Galego de Saúde pretende garantir os niveis de calidade, especialización, supervisión, coordinación e xestión do proceso de limpeza, acordos coa importancia do propio proceso asistencial que se leva a cabo no centro hospitalario da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ COA USC PARA IMPULSAR O USO DA LINGUA E O EMPREGO XUVENIL A TRAVÉS DO NEOFALANTISMO

- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude renova a colaboración coa Universidade de Santiago para dar continuidade ao portal neofalantes.gal
- Na iniciativa co Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación inclúese unha canle empresarial coa incorporación do colectivo de emigrantes, empresas e tecido socioeconómico do mundo lusófono
- A nova achega de 60.000 € autorizada hoxe pola Xunta alongará o acordo para este programa ata o ano 2026

O Goberno galego reforza as súas liñas de fomento do emprego do galego entre a xente máis nova cun convenio aprobado hoxe no Consello da Xunta entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago (USC), co que se tirará proveito das potencialidades que ten o neofalantismo para potenciar o uso da nosa lingua, a emancipación e o emprego xuvenil. Farase a través dunha serie de actuacións ao longo de tres anos, desde 2024 a 2026, e ás cales a Secretaría Xeral da Lingua destinará 60.000 euros.

O neofalantismo en lingua galega refírese a aquelas persoas que tiveron o castelán ou outras como primeira lingua, de socialización familiar, pero que posteriormente aprenderon o galego en novos espazos vitais –especialmente no sistema educativo– e que maiormente falan esta lingua. Trátase dun proceso relativamente emerxente con innegables posibilidades de futuro na dinamización da nosa lingua, sobre todo entre a mocidade tanto da nosa Comunidade como entre as persoas que veñen doutros territorios de fóra de Galicia e que se incorporan á nosa realidade cultural e sociolingüística.

A colaboración neste eido coa Universidade de Santiago de Compostela comezou en 2021 a través do Grupo de Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación co portal informativo www.neofalantes.gal. Agora, ao abeiro deste novo convenio, reforza este obxectivo e incorpóranse novos recursos.

Novas accións

Deste modo, con este novo convenio daráselle continuidade ao proxecto neofalantes.gal, a incorporar novos usuarios da rede social e seguir impulsando o uso da lingua galega entre a mocidade. Nesta liña de reforzar as súas accións, crearanse novos contidos, vídeos e entrevistas co fin de abrir vías de colaboración e captación de novos usuarios para a rede social. Tamén está previsto engadir unha canle empresarial e de emprego asociada a este portal web coa idea de atraer o colectivo de persoas emigrantes, empresas interesadas e tamén o tecido socioeconómico do mundo lusófono.

Ademais, potenciaranse as investigacións académicas, premios multimedia, unidades didácticas e encontros sobre o fenómeno do neofalantismo.

Incrementar o uso do galego nos espazos onde se move a mocidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A colaboración tamén abrangue os obxectivos do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade que ten en marcha o Goberno galego e co que se pretende mostrarlle á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo. Deste xeito, supón medidas dirixidas a incrementar a súa presenza nos espazos en que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como a tecnoloxía, o lecer, a cultura, o ensino ou o emprego.

Cómpre lembrar que este plan está concibido como un instrumento para a dinamización da lingua galega, no cal se procura implicar a comunidade universitaria, o que supón a posta en marcha de medidas dinamizadoras dirixidas ao profesorado, ao alumnado, ao persoal de administración e servizos e á mocidade en xeral, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na universidade e noutros ámbitos da mocidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ ATA 2027 O ESTUDO DO GALEGO EN UNIVERSIDADES DE LISBOA, ALGARVE, PADOVA E GRANADA

- O Consello da Xunta autoriza os convenios con estas institucións para a docencia, investigación e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Os acordos forman parte da estratexia para a internacionalización da cultura que permite que o galego sexa obxecto de estudo en máis de 30 universidades de todo o mundo

A Xunta promoverá o estudo do galego en universidades de Portugal, Italia e fóra de Galicia para promocionar a lingua, a literatura e cultura galegas no ámbito académico no exterior. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta, onde se deu luz verde á sinatura de catro convenios para a docencia, a investigación e o impulso da lingua nas Universidade Nova de Lisboa (Portugal), da Universidade do Algarve (Portugal), na Università degli Studi di Padova (Italia) e na Universidade de Granada (España) ata 2027, cun importe de 50.000 €.

En todos os casos, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 12.000 € para cada un dos convenios, o que permitirá a docencia, a investigación e a promoción da lingua e a cultura galegas, así como a organización de cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais da contía económica, o Goberno autonómico prestaralles a orientación e apoio pedagóxico e didáctico ás universidades que así o demanden e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Ademais, todos os centros que xa veñen colaborando coa Administración autonómica desde hai varios anos son unha referencia para o estudo do galego no seu ámbito territorial.

De igual xeito, estes convenios posibilitaranlles a estas universidades adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar todas as accións.

Reforzo da estratexia de internacionalización da lingua e cultura galegas

A autorización destes convenios supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promover a lingua galega en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que na actualidade o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais (9) e internacionais (27). A esta iniciativa súmase que o Goberno galego tamén ten en marcha bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en diferentes universidades do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO PARA RACHAR COA FENDA DIXITAL E PON EN MARCHA UN NOVO PLAN DE FORMACIÓN ESPECÍFICO PARA DESEMPREGADOS NO RURAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a primeira edición desta iniciativa, coa cal se ofrecerá cualificación dixital a unhas 9.000 persoas preferentemente sen emprego
- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración investirá 4,7 millóns de euros na actuación, enfocada nos colectivos con máis dificultades para atopar un posto de traballo
- O obxectivo é mellorar a capacitación dos participantes, e ofreceránselles ás persoas desempregadas das contornas rurais maiores oportunidades laborais sen que a fenda dixital supoña unha limitación
- Os cursos serán en modalidade presencial, cunha duración de 40 horas específicas en materias dixitais e 5 horas de formación transversal en igualdade

O Goberno galego desenvolverá un novo programa de formación dixital específico para persoas desempregadas residentes no rural, co que se dá un paso máis no reto que ten marcado de mellorar e incrementar as oportunidades laborais en Galicia e de loitar contra a fenda dixital. Co foco posto nos colectivos con máis dificultades para acceder a un posto de traballo, coa nova iniciativa ofreceránselles formación dixital a unhas 9.000 persoas, preferentemente sen emprego, que residan en concellos de menos de 30.000 habitantes.

A Xunta está a desenvolver diferentes iniciativas, como é a mellora da cualificación profesional das persoas desempregadas e ocupadas e, precisamente, esta nova actuación da Xunta responde a esta estratexia. É preciso lembrar que na actualidade hai no mercado laboral de Galicia máis de 12.000 vacantes e, por iso, unha das prioridades do Goberno autonómico é casar oferta e demanda laboral con diversas iniciativas, entre as cales destaca o apoio á formación á carta das demandas do tecido produtivo.

Na primeira edición desta iniciativa, que se autorizou hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración investirá 4,7 millóns de euros, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O reto do programa é mellorar a empregabilidade superando a fenda dixital dos participantes –preferentemente desempregados–, aínda que tamén poderán participar nos cursos as persoas traballadoras ocupadas, inscritas nas oficinas de traballo, no apartado de mellora de emprego, sempre e cando as prazas non se cubran con persoas sen traballo.

Neste sentido, a formación para o emprego é unha absoluta prioridade para o Goberno galego, co reto de capacitar as galegas e galegos que o precisen ou demanden naqueles sectores ou actividades económicas onde hai máis posibilidades de atopar un traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os cursos do novo programa impartiranse na modalidade presencial, cunha duración de 40 horas cada un nas materias dixitais específicas e ademais ofreceranse 5 horas de formación transversal en igualdade.

En total son cinco accións formativas as que se propoñen impartir nas catro provincias galegas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado). Polo miúdo, o programa ten como eixes a busca e xestión da información dixital, a creación de contidos dixitais, a comunicación e colaboración con ferramentas dixitais, a resolución de problemas no contorno dixital e seguridade e civismo no contorno dixital.

As entidades interesadas en impartir as accións formativas poderán presentar a súa candidatura en vindeiras datas na plataforma Contratos de Galicia.

Plan galego de formación

A Xunta está a investir este ano 117 millóns de euros no Plan galego de formación para o emprego, que inclúe, entre outros, plans de formación para persoas desempregadas e ocupadas, como é o caso desta nova actuación.

Outra das prioridades da Administración autonómica é impulsar o emprego no rural para fixar poboación no territorio. Por iso, esta iniciativa está enfocada ás persoas desempregadas residentes en concellos de menos de 30.000 habitantes. De feito, a Xunta ten en marcha na actualidade, tamén no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e dirixido a concellos de menos de 30.000 habitantes, un proxecto de accións formativas para a dixitalización de mulleres. Ata a data formáronse ao abeiro desta actuación máis de 13.000 mulleres.

O Goberno autonómico aspira, deste xeito, a mellorar a cualificación profesional dos traballadores desempregados e ocupados, a competitividade das empresas e, en xeral, as oportunidades laborais en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A XESTIÓN ACTIVA DAS 617.000 HECTÁREAS DE MASAS DE FRONDOSAS CUNHA ESTRATEXIA PIONEIRA PARA FAVORECER O SEU CRECEMENTO E OBTENIR MADEIRA DE CALIDADE

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia para o fomento deste recurso, que establece 36 actuacións concretas e integra todas as partes do tecido produtivo buscando implicar os axentes involucrados en cinco eixes fundamentais de intervención
- Os eixes son a mellora do coñecemento e da formación; a mellora xenética; o fomento da xestión activa e da conservación dos montes de frondosas; a dinamización dos aproveitamentos forestais e a xestión forestal pública dos montes de frondosas
- A iniciativa enmárcase dentro dos obxectivos da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” e persegue, entre outras finalidades, a de aplicar tratamentos silvícolas en 20.000 ha e, ademais, que se acollan ao modelo silvícola que se estea a desenvolver en 20.000 ha de bosques de ribeira
- Ademais, traballarase no incremento ou mellora da superficie ocupada por frondosas produtivas de madeira de alto valor, como a nogueira, a cerdeira ou o bidueiro, mediante a repoboación de 3.500 ha, así como o tratamento de 5.500 ha destas masas de alto valor
- Prevese, así mesmo, o desenvolvemento da populicultura (cultivo do chopo) en Galicia, así como da produción e comercialización de leñas e de cortizas das sobreiras

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas para a súa execución no período 2024-2040, no marco dos obxectivos da primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”. Con esta iniciativa búscase, en termos xerais, mellorar as formacións de frondosas, que en Galicia supoñen 617.000 hectáreas segundo os primeiros resultados presentados en xuño de 2023 do Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG).

A Estratexia, elaborada co apoio técnico-científico da Universidade de Santiago, é unha acción pioneira que ten como finalidade aplicar tratamentos silvícolas en 20.000 hectáreas dentro do Programa de fomento de silvicultura de frondosas e, ademais, que se acollan ao modelo silvícola que se estea a desenvolver en 20.000 ha de bosques de ribeira.

A maiores, en relación co fomento dos recursos forestais madeireiros e a súa mobilización, os obxectivos son o incremento ou mellora da superficie ocupada por frondosas produtivas de madeira de alto valor, como a nogueira, a cerdeira ou o bidueiro, mediante a repoboación de 3.500 ha, así como o tratamento de 5.500 ha destas masas de alto valor. A dinamización dos aproveitamentos forestais abrangue melloras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orientadas á produción de madeira, en particular a madeira de calidade de carballo e rebolo, de castiñeiro e de bidueiro, pero tamén se considera a potencialidade da xestión intensiva de frondosas de madeira valiosa. Así mesmo, recóllese nesta estratexia o desenvolvemento da populicultura (cultivo do chopo) en Galicia e da produción e comercialización de leñas e de cortizas das sobreiras. O marco temporal destes obxectivos esténdese ata o ano 2040.

Esta é a primeira vez que se impulsa unha estratexia destas características, que atinxe a esas máis de 600.000 ha de frondosas de Galicia. Esta superficie supón un valor máis elevado do que habitualmente se considerou nos inventarios forestais nacionais. Os terreos de frondosas repártense principalmente nas provincias de Lugo (238.767 ha) e Ourense (174.000 ha); a da Coruña conta 121.907 ha e Pontevedra coas restantes 82.328 ha.

Polo tanto, a estratexia ponse en marcha para fomentar a xestión activa dos bosques de frondosas, a través do incremento das superficie con silvicultura específica para estas especies, aplicación de modelos silvícolas propios e o incentivo para especies de frondosas con alto valor que favorezan o crecemento desas masas e a obtención de madeira de calidade, desde un enfoque de produción sustentable. Ademais, tense en conta o fomento da contribución do monte galego á conservación e mellora da biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais.

Un total de 36 actuacións en cinco eixes

A iniciativa –que establece 36 actuacións concretas– integra todas as partes do tecido produtivo buscando implicar os axentes involucrados nos cinco eixes fundamentais de intervención. Estes eixes son a mellora do coñecemento e da formación; a mellora xenética; o fomento da xestión activa e da conservación dos montes de frondosas; a dinamización dos aproveitamentos forestais e a xestión forestal pública dos montes de frondosas.

No eixe da formación enmárcanse medidas como a de impulsar actividades de I+D+i; fomentar accións de formación dirixidas aos potenciais actores da cadea de valor ou incluír contidos referidos ás especies frondosas e ao seu aproveitamento sustentable nas accións de comunicación e divulgación da cultura forestal.

O eixe 2, sobre mellora xenética, integra actuacións como a mellora das técnicas de reprodución e dos materiais xenéticos empregados nestas especies; o desenvolvemento do programa de conservación de recursos xenéticos forestais e a rede de parcelas de alto valor xenético e de mantemento de materiais de base no correspondente ás especies frondosas; ou o apoio público aos viveiros, produtores e silvicultores, co obxecto de garantir a subministración na cantidade necesaria de planta de calidade que responda aos criterios definidos.

En terceiro lugar, o eixe de xestión activa recolle axudas específicas a investimentos produtivos para reforestación, mantemento e silvicultura produtiva de frondosas;

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas específicas a investimentos non produtivos, incluíndo ribeiras ou o emprego das frondosas como áreas cortalumes verdes.

Aproveitamentos

Dentro do eixe 4, de aproveitamentos, executarase un proxecto tecnolóxico para a valorización sustentable das masas de frondosas caducifolias de Galicia con base nos aproveitamentos en diferentes formacións de frondosas naturais e o estudo de posibles empregos da madeira obtida, e incrementarase a superficie plantada con frondosas de alto valor mediante liñas de subvención de novas repoboacións e reforestacións en terreos apropiados. Tamén se potenciará a modernización das empresas que comercializan biocombustible en formato de leñas, así como a produción e comercialización de leña de calidade contrastada de orixe galega; aplicaranse tratamentos silvícolas e culturais encamiñados a mellorar a produción de cogomelos e incentivaranse as prácticas silvopastorais, orientadas á prevención de incendios forestais.

O eixe 5, centrado na xestión forestal pública dos montes de frondosas, ten como actuacións previstas as de rematar os procesos de definición dos novos contratos de xestión pública, considerando as formacións de frondosas como unha das prioridades á hora de establecer os novos contratos; asinar novos contratos de xestión con preferencia naquelas mouteiras que formen parte da rede de conservación de recursos xenéticos e da rede de parcelas de alto valor xenético e xestión de materiais de base que afecten estas especies, ou aplicar unha xestión activa nos montes baixo contrato de xestión pública e naqueles montes públicos que xestione a Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA EMITE BONOS SOSTIBLES POR VALOR DE 500 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR PARTE DA SÚA DEBEDA

- A Comunidade Autónoma realizou unha nova emisión destes bonos, orientados a proxectos sostibles, verdes e sociais
- A ampla demanda de investidores, que triplicou a oferta, pon de manifesto a confianza dos investidores na economía e nas finanzas da Comunidade

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe sobre a nova emisión de bonos sostibles nos mercados financeiros por importe de 500 M€. Estes bonos están orientados a investimentos sociais e medioambientais, á economía verde e sostible e vinculados á Axenda 2030

A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, triplicou a oferta e pon de manifesto a confianza dos investidores na economía e nas finanzas da Comunidade, debido ao seu marco institucional, económico e xurídico estable, que lles achega certeza, seguridade e credibilidade. Isto permite a Galicia ter un bo acceso aos mercados de capitais e cubrir as súas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións.

Nesta emisión houbo unha importante presenza de investidores estranxeiros de alta calidade, o que demostra a solvencia da Comunidade Autónoma. De feito, na distribución xeográfica sobresa a participación de máis do 30% de investidores estranxeiros, destacando a participación de Alemaña e Reino Unido.

A Xunta está executando o programa de financiamento para 2024, aínda que ao aprobarse o orzamento deste ano en equilibrio orzamentario, por primeira vez en 16 anos, a formalización destas operacións non suporá un incremento de novo endebedamento para a Comunidade.

Comunidade de referencia no control do endebedamento

A responsable xestión financeira do Goberno da Xunta fixo que Galicia sexa a comunidade autónoma que menos incrementou o seu endebedamento nos últimos 15 anos. Por está razón, Galicia é a comunidade autónoma de referencia no control do seu endebedamento, cun nivel de débeda 6,1 puntos inferior á media das CCAA.

En termos de ratio débeda/PIB, tralo repunte do nivel de débeda como consecuencia da emerxencia sanitaria, Galicia leva tres anos consecutivos de redución do endebedamento, que sitúan o seu ratio no 16,1%, isto é, non so por debaixo do nivel pre covid senón a niveis do ano 2012.

Na comparativa entre comunidades autónomas, Galicia sitúase como a 4ª de réxime común con menor porcentaxe de débeda por habitante, que é de 2.240 euros menos que a media das CCAA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 23,5 M€ PARA REFORZAR A SEGURIDADE VIARIA EN 130 TREITOS AO LONGO DE MÁIS DE 500 QUILÓMETROS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

- O Consello da Xunta autorizou a Estratexia de actuación en treitos de concentración de accidentes e treitos de alto potencial de mellora para o período 2024-2027 que contará cun 62% máis de orzamento que a anterior
- Asegura que a Xunta prevé comezar este ano a execución de obras menores e contratar a redacción de proxectos de tramitación máis longa para acometer os traballos nesta lexislatura
- O obxectivo é avanzar na 'Visión 0', o principio do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, que busca un horizonte sen vítimas de accidentes a longo prazo
- O Goberno galego destinará preto de 6,5 M€ a obras de mellora da seguridade en 21 treitos de concentración de accidentes ao longo de 33,7 km de estradas
- A Xunta tamén dirixirá un orzamento de máis de 17,2 M€ a obras en 109 treitos de alto potencial de mellora en 480,41 km de vías autonómicas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que a Xunta vai investir "23,5 M€ a reforzar a seguridade viaria en 130 treitos ao longo de máis de 500 quilómetros de estradas autonómicas".

Para iso, o Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á Estratexia de actuación en treitos de concentración de accidentes e treitos de alto potencial de mellora en vías autonómicas para o período 2024-2027. Estas intervencións serán cofinanciadas nun 60 % con Fondos feder, para o que a Xunta xa dispón dunha destas liñas de financiamento asignada. Os 23,5 M€ supoñen, segundo indicou Rueda, un incremento do "62% do orzamento" respecto da anterior Estratexia 2016-2020.

Tal e como explicou o presidente, o Goberno galego está a traballar para poder comezar este ano a execución de actuacións consideradas menores e avanzar na contratación da redacción dos proxectos que requiren dunha tramitación máis longa, de modo que se desenvolvan as obras nesta lexislatura.

O obxectivo é continuar incrementando a seguridade viaria nas estradas autonómicas, unha prioridade para a Xunta. Este propósito vai na liña do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025, que establece como principio a "Visión 0", é dicir, buscar un horizonte en que non haxa vítimas de accidentes de tráfico a longo prazo.

Eliminación de treitos de concentración de accidentes

No marco da estratexia hoxe autorizada, o Goberno galego prevé destinar un investimento de preto de 6,5 M€ a actuacións de mellora da seguridade en 21 treitos de concentración de accidentes, que se estenden ao longo de 33,7 km de estradas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez identificados os treitos de concentración de accidentes da Rede autonómica de estradas, que son os intervalos en que se producen máis sinistros, deséñanse actuacións eficaces para reducir as vítimas de accidentes. Así, por exemplo, nestes tramos acométense “reformas de interseccións, calmados de tráfico ou melloras de pasos de peóns”, entre outras accións.

Estas intervencións daránlle continuidade ás executadas na primeira estratexia, que entre os anos 2016 e 2020 permitiu reducir a sinistralidade nun 60 % nos treitos en que se actuou.

Cómpre lembrar que na primeira estratexia de eliminación de tramos de concentración de accidentes se interveu en 52 ‘puntos negros’, para o que se mobilizou un investimento de 14,4 M€. De xeito máis concreto, reformáronse 119 interseccións viarias, construíronse 24 novas rotondas e melloráronse 138 pasos de peóns.

Estradas que perdoan

Por outra parte, para o período 2024-2027 tamén se programan obras en 109 treitos de alto potencial de mellora que se desenvolven ao longo de 480,41 km de vías autonómicas, para o que se dirixirá un orzamento de máis de 17,2 M€.

Trátase da eliminación de obstáculos nas vías autonómicas co fin de conseguir ‘estradas que perdoen’ os erros que poidan cometer os condutores e dar unha segunda oportunidade de volver á calzada.

As obras previstas para acadar este obxectivo, según indicou o presidente, engloban “melloras do firme”, optimización da sinalización e o balizamento, “mellora dos sistemas de contención, reforzo da iluminación en pasos de peóns”, mellora do trazado e interseccións ou acondicionamento de marxes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A SÚA ESTRATEXIA PIONEIRA PARA GARANTIR A REMUDA XERACIONAL NA ARTESANÍA GALEGA COMO VERTEBRADORA DO TERRITORIO E FIXADORA DE POBOACIÓN

- Dentro desa folla de ruta, o Consello da Xunta coñeceu hoxe os bos resultados do programa único en España Aprender da tradición. Oficios e técnicas, que busca captar novos talentos que aseguren o futuro do sector artesanal e que se seguirá impulsando nos vindeiros meses
- Case un cento de persoas xa teñen participado en formacións centradas na ourivaría compostelá, no tecido tradicional, na olaría de Buño, na patronaxe, na xastraría, na marroquinaría e na tapizaría tradicional, coa previsión de incorporar cursos novos este ano
- En concreto, capacítanse os expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos ás novas xeracións, ao tempo que se fomenta a comercialización de artesanía local e se sensibiliza sobre a importancia de conserva-la
- Confírmase así unha das liñas estratéxicas do Goberno galego, orientada a preservar o noso patrimonio cultural e a promover o desenvolvemento económico mediante – neste caso– a sustentabilidade de oficios, técnicas e coñecementos ancestrais
- Un exemplo do éxito deste programa pioneiro é a apertura en Santiago do obradoiro do xastre Fernando Freire, que foi o docente do curso de xastraría artesanal impulsado pola Xunta e que agora incorpora no seu negocio un dos alumnos que formou

O Consello da Xunta referendou hoxe a estratexia pioneira da Xunta para garantir a remuda xeracional no sector artesanal galego, como vertebrador do territorio e fixador de poboación especialmente no rural. Dentro desa estratexia, coñeceu os bos resultados do programa único en España Aprender da tradición. Oficios e técnicas, que impulsou en novembro de 2023 a Fundación Artesanía de Galicia, dependente da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. En concreto, case un cento de persoas participaron ata o de agora nas distintas accións de formación continua programadas para conservar e renovar técnicas e oficios tradicionais e para captar novos talentos que aseguren o futuro da artesanía galega, e acadouse xa –en menos dun ano de traballo– a incorporación efectiva de alumnado participante ao mercado laboral.

Confírmase así unha das liñas estratéxicas do Goberno galego, orientada a preservar o noso patrimonio cultural e a promover o desenvolvemento económico mediante –neste caso– a sustentabilidade de oficios, técnicas e coñecementos ancestrais. Unha estratexia integral onde os oficios de sempre se conservan respectando a tradición ou evolucionando cara a novos produtos de deseño máis contemporáneo en que os novos materiais, a innovación e as novas tecnoloxías teñen cada vez maior relevancia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa pioneiro Aprender da tradición. Oficios e técnicas arrancou o ano pasado cos obxectivos concretos de apostar pola profesionalización continua especializada en competencias profesionais e competencias transversais, de facilitar a formación de novas xeracións interesadas en aprender estes oficios e técnicas e de capacitar os artesáns e expertos en oficios artesanais para que poidan transmitir os seus coñecementos. Tamén na liña de apostar pola revalorización e visibilidade dos procesos artesanais vinculados aos vellos saberes para ofrecer novos valores e de afianzar un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesán.

Liñas de actuación

O programa Aprender da tradición. Oficios e técnicas está dirixido, por unha banda, a artesáns profesionais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e, por outra, a alumnado e profesorado de escolas artísticas. Este segundo grupo é ao que vai dirixida a primeira liña en que se artella a iniciativa, centrada na remuda xeracional e clave para asegurar o futuro do sector.

Esa vertente do programa busca, en concreto, atraer novos talentos para o sector artesanal e ofrecerlles unha formación de calidade sobre distintos oficios e sobre as técnicas máis tradicionais da man dos mellores profesionais. Así, potenciarase unha nova xeración de artesáns cun fondo coñecemento práctico dos seus oficios. Nese senso, mediante cursos de formación proporcionaranse as habilidades que antes se conseguían entrando a traballar de aprendices nos propios obradoiros, como complemento á formación máis teórica que se pode adquirir nas escolas. Deste xeito, dáse continuidade aos oficios tradicionais vinculados ao territorio, o que asegura a dinamización cultural, turística e económica de Galicia.

A maiores, existe unha segunda liña que incide na capacitación e na profesionalización de artesáns profesionais xa en activo, transmitindo as técnicas tradicionais e os segredos do oficio co gallo de mellorar os produtos finais. Tamén se traballa na apertura de novas liñas de mercado a profesionais con traxectoria no sector e na revalorización do proceso artesanal e do saber facer como parte fundamental do produto de calidade.

Accións concretas

Desde o seu inicio en novembro de 2023 e a través da Fundación Artesanía de Galicia impulsáronse ata agora un total de 13 accións formativas no marco do programa Aprender da tradición. Oficios e técnicas, algunhas delas con varias sesións para a formación continua. En concreto, sobre formas tradicionais da olaría de Buño, de técnicas de ourivaría e acibecharía, específico de acibecharía, sobre a ourivaría compostelá, de formación en xastraría artesanal e de patronaxe, corte e confección. Tamén de tornaría, de iniciación ao picote, de iniciación á tapizaría tradicional, arredor das técnicas de pasamanaría, sobre ligamentos tradicionais de toalla e mantelaría, bufanda de la de cores en tear de baixo lizo e de marroquinaría fina.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao longo deste ano está previsto incrementar o número de actividades formativas especializadas en técnicas tradicionais co obxectivo de ampliar o abano de oficios en que asegurar a remuda xeracional, polo que se incorporarán outras disciplinas, como a cerámica.

Un exemplo do éxito deste programa é a apertura neste mes de maio en Santiago de Compostela do obradoiro do xastre Fernando Freire, profesional cunha longa traxectoria que foi o docente do curso de xastraría artesanal impulsado pola Xunta e que acaba de incorporar no seu negocio –precisamente–un dos alumnos que formou no marco da iniciativa Aprender da tradición. Oficios e técnicas. Refléctese así a utilidade deste programa, co que se conseguen formar novos talentos e incorporalos –de xeito efectivo– ao mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 300.000 EUROS Á XESTIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN DOS PORTOS AUTONÓMICOS PARA OS VINDEIROS DOUS ANOS

- Portos de Galicia vén de licitar o servizo que contempla a posibilidade de prórroga de dous anos cun valor estimado total que supera os 600.000 euros
- Esta prestación permite avanzar na transformación dixital dos peiraos e o seu organismos xestor co obxectivo de ofrecer unha tramitación electrónica integral

A entidade pública Portos de Galicia destinará máis de 300.000 euros á xestión das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) do propio organismo así como dos 122 peiraos de titularidade autonómica para os vindeiros dous anos. Así se recolle no informe trasladado esta mañá polo conselleiro do Mar, Alfonso Villares, ao Consello da Xunta.

O documento recolle a licitación do servizo integral de xestión informática e oficina técnica de proxectos TIC da entidade pública. Esta actuación sae a concurso cun orzamento base de licitación de 300.346 euros, IVE incluído e un prazo de execución de 2 anos, prorrogables por outros 2 ata un valor estimado total de 600.692 euros.

Cabe salientar que a Entidade pública Portos de Galicia puxo xa hai máis de dez anos un Plan de sistemas de tecnoloxías da información co obxectivo de dixitalizar o seu funcionamento. Froito deste plan definiuse a implantación de diferentes solucións tecnolóxicas, dende as aplicacións de tipo ofimático a unha completa plataforma de tramitación electrónica. Proceso no que considerouse preciso contar co respaldo dun equipo especializado que dera soporte no funcionamento das solucións implantadas, coordinara o proceso de implantación e planificara as iniciativas.

Transcorrido o período do contrato deste servizo corresponde renovar o mesmo. Iniciativa que coincide coa decisión de dar un novo pulo á dixitalización da actividade do sistema portuario galego atendendo a avanzar nas converxencias dos servizos públicos e a modernización e transformación das ferramentas administrativas, explorando as novas posibilidades no ámbito portuario.

Neste contexto acométese a presente licitación co gallo de avanzar na transformación dixital da propia entidade pública e dos 122 portos que xestiona, o mantemento das tecnoloxías da información e a comunicación dentro de Portos de Galicia e a asistencia e soporte aos traballadores, co obxectivo último de ofrecer o máis pronto posible unha tramitación electrónica integral de extremo a extremo, cos beneficios que iso suporá para a cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das finalidades é conducir o proceso de dixitalización completa da actividade de xestión do sistema portuario de Galicia atendendo ó estado do arte das TIC e ás posibilidades que novas solucións como a IoT ou a IA poden fornecer para mellorar a eficiencia e a calidade dos servizos prestados.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de Contratos de Galicia, no perfil do contratante, e na páxina web oficial de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo ata o día 3 de xuño para presentar as súas ofertas.